

A AELG nomea a portuguesa Lúdia Jorge como Escritora Galega Universal

14.12.2012

SANTIAGO. EP

O Consello Directivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) acordou nomear á autora portuguesa Lúdia Jorge como Escritora Galega Universal.

Este recoñecemento susténtase en "sólidos argumentos", segundo a asociación, que destacou o seu "compromiso ético coas causas da dignidade do pobo portugués" e por ser "creadora dunha extensa e intensa obra". "Lúdia Jorge é talvez a escritora en activo máis recoñecida das letras portuguesas", apunta a AELG.

Con este nomeamento, Lúdia Jorge súmase á lista de Escritores Galegos Universais conformada por Mahmoud Darwish, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda e José Luís Sampedro.